



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 6/2024

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA TRINTA DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

En Ordes, a trinta de maio de dous mil vinte e catro.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SANJURJO.
- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONIO CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVERTRE REY
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto. Está presente na sesión D. Javier Siro Suárez Rodríguez, Interventor municipal

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria de data 13 de maio de 2024, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

O Sr. Alcalde indica que existe un erro na fixación dos membros da Corporación asistentes a esta sesión extraordinaria. O Sr. Veiras Carneiro aparece como non asistente, cando si concorreu a esta sesión, erro que debe ser corrixido, indicando a súa asistencia.

A acta da sesión extraordinaria, de data 13 de maio de 2024, resultou aprobada por maioría de dezasete votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada polo Sr. Alcalde.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se da conta de ningunha actuación municipal.

3. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL EXERCICIO 2024.

Expediente tramitado para a aprobación do Orzamento Municipal, formado para o exercicio de 2024 polo Alcalde-Presidente, cos documentos que preceptúan os arts. 165, 166 e 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e concordantes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e cumprimento do establecido no art. 193.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (**Expdte. 2024/T004/000003**).

Vistos o informe emitido pola Intervención e o ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 24/05/2024, ambos en sentido favorable.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os orzamentos municipais que se presentan para a súa consideración polo Pleno Corporativo para este exercicio 2024 atópanse nivelados nos seus estados de ingresos e gastos, dando cumprimento así ao disposto no artigo 165 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, no senso de que deben aprobarse sen déficit inicial. En concreto ascenden á contía de 13.382.964,33 € tanto en ingresos como en gastos. Respecto aos orzamentos aprobados no pasado exercicio 2023, supoñen unha diminución do 5,89 %. Na súa elaboración tomáronse en consideración, en primeiro lugar, os ingresos que se agardan recoñecer no exercicio, estimándose estes de xeito prudente en función das previsións agardadas e da experiencia derivada das liquidacións de exercicios anteriores. Na medida do posible estimáronse segundo o criterio de caixa, isto é, do que realmente se estima que vai a recadarse, co fin de que os cálculos efectuados sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria fosen o máis estritos posibles. No informe técnico económico e no de intervención que se acompañan ao expediente explícase dun xeito claro de onde procede cada unha das estimacións. No apartado de ingresos cómpre sinalar: Os ingresos correntes incrementáanse nun 6,04%, diferenza que ven motivada de xeito fundamental polo incremento nas previsións do capítulo 4 de ingresos (achegas doutras administracións), o incremento nas previsións do capítulo 2 pola maior recadación por ICIO agardada, e dun xeito significativo o cobro do 100% do BICES na autoestrada AP-9. Os ingresos de capital pola contra redúcense, posto que en 2023 tivo lugar a incorporación dos proxectos do ITJ polo peche de Meirama. Cabe sinalar que na maioría dos casos ditos ingresos son conformes con axudas ou convenios que xa están concedidos ou a piques de formalizar, se ben os ingresos en caixa dependerán do ritmo de execución das diferentes obras e, lóxicamente poden ter un retraso respecto aos gastos que financian. Unha vez coñecidos os ingresos procedeuse a levar a cabo o cálculo dos créditos dispoñibles, debendo sinalarse que toda vez que o límite de gastos ven determinado non só polos ingresos senón, a maiores, polo cumprimento derivado da recuperación das regras fiscais no presente ano 2024. Respecto aos gastos procedeuse a estimar os gastos de persoal en función do disposto na Lei de Orzamentos do estado para o 2024 e calculando así mesmo as antigüidades do persoal, e os créditos precisos para atender gastos de persoal subvencionado (cal é o caso da escola



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

obradoiro de emprego, ou os diferentes programas de emprego da Xunta e da Deputación, onde por vez primeira se propuxo unha significativa aportación municipal para poder prolongar os contratos a xornada completa máis meses ao longo do ano). Respecto aos gastos correntes en bens e servizos recóllense os créditos necesarios para os contratos que ten vixentes o Concello, así como os previstos no exercicio. Respecto as achegas por transferencias destacan as correspondentes á xestión da escola infantil, e á Mancomunidade. Así mesmo recóllense as subvencións nominativas que figuran nas bases de execución, as becas para material escolar e segue a dotarse unha aplicación para poder subvencionar a deportistas destacados do Concello, e mantense a liña de subvencións á natalidade. Por suposto, e como non pode ser doutro xeito debido á imposición do artigo 135 da Constitución, dotáronse os créditos necesarios para atender as obrigas de natureza financeira. A débeda bancaria quedará situada a 31/12/2023 en torno aos 297.500 euros (5,3 millóns no ano 2015). En total os investimentos previstos ascenden á contía de 3.659.132,66 €, xunto con 2.820.352,76 € que figuran na incorporación de remanentes. Este ano comezaran obras como a execución de servizos básicos demandados pola veciñanza (abastecemento/saneamento ao Canedo dende o Mesón do Vento por importe de 818.803,03 €, e terá que poder xerarse crédito ante a previsión de formalizar a sinatura do convenio de Humanización do campo da feira do Mesón do Vento -unha vez superada a fase de supervisión técnica- por importe de 830.587,05 €). Outro proxecto relevante, do que se acadou a aprobación técnica no pleno da Deputación do mes de abril, logo de terse iniciada a solicitude aló polo ano 2016, é o da mellora na seguridade viaria na DP-5905 dende a Pinguela a Calle de Poulo, no que a parte de servizos municipais supoñerán unha aportación de 154.305,98 euros de fondos propios. Investimentos reais e moi necesarios que significan o 27,34% do total dos orzamentos. Cabe subliñar que se destinan 1.496.384,49 € de fondos propios. Pero é que, a maiores, entre a incorporación de remanentes e posibles suplementos de crédito a aprobar nos vindeiros meses, estímase que os gastos de capital veñan a supoñer máis do 50% dos orzamentos a executar polo Concello no 2024, á espera de que aínda se poida acadar algunha axuda máis ou convenio doutras administracións. Os orzamentos, en resumo, caracterízanse polo mantemento dos servizos esenciais sen aumento da presión fiscal, con unha especial dedicación aos colectivos máis desfavorecidos nos programas que se executan desde a Mancomunidade de Ordes, sendo as liñas fundamentais dos mesmos o saneamento das contas municipais, mediante a contención do gasto público, a eficiencia na asignación dos recursos municipais, a sustentabilidade dos servizos municipais fundamentais, o mantemento dos créditos ás políticas sociais, de emprego e fomento económico, así como aos investimentos produtivos. Respecto ao procedemento de aprobación é o seguinte: A aprobación inicial polo Pleno Corporativo non require un quórum especial, polo que será suficiente a aprobación por maioría simple dos membros presentes (artigos 22.2, letra "e", e 47.1 da LBRL). Unha vez aprobados os orzamentos expóranse ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou, de ser o caso, da Comunidade Autónoma uniprovincial, por quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. A aprobación definitiva poderá producirse ben por non terse presentado reclamación algunha durante o prazo citado, ben por resolución das mesmas polo Pleno Corporativo, para o que dispón do prazo dun mes. Os orzamentos xerais definitivamente aprobados serán inseridos no Boletín Oficial da Corporación, se o tivese e, resumido por capítulos de cada un dos que o integran, no da Provincia. Así mesmo remitirase copia á Administración do Estado e a da CCAA, a cal realizarase simultaneamente ao envío ao BOP. Os orzamentos entrarán en vigor no exercicio correspondente, unha vez publicados na forma prevista nos artigos 169.3 do TRLRFL e 20.3 do Real decreto 500/1990.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que como sempre o goberno municipal presenta uns orzamentos baseados no asfalto e carentes de sensibilidade coas necesidades dos ordenses, como a estimulación da creación do emprego local. Por citar un exemplo, destinar 183.000 euros na mellora do acceso peonil do Parque



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

empresarial, sendo máis útil a mellora das conexións a internet facendo ás empresas máis competitivas. Outro exemplo, unha execución de obras con fin de minimizar as perdas de auga 56.250 euros, a que se refiren. Falta de transparencia no tocante ás distintas subvencións. Falta de compromiso social a partir do que supoñen son os servizos sociais da Mancomunidade, menos do 5% dos orzamentos, por que non aparecen así descritos por ningunha parte da documentación. Cunha poboación cada vez máis envellecida e cun maior requirimento de gasto social que aquí non se ve reflectido. Unha gran cantidade de nenos con necesidades especiais así declaradas polos pediatras. Vese ben as intervencións do concello, que se melloren as vías. Reclaman contra a falta de compromiso social. Non ven por ningún lado nada que teña que ver con facilitarlle á vida á xente maior. Non entenden que se interprete como éxito do goberno local a baixada da débeda e mantemento do gasto público. Se non se prestan servizos a os que máis os necesitan a xestión non é boa.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que dende que o PP accedeu ao goberno municipal de Ordes no ano 2015 leva manexado preto de cento cinco millóns de euros en orzamentos municipais. Nestes nove anos a situación de Ordes é total estancamento e mesmo cunha percepción na veciñanza de que está a morrer. Con paseo pola Vila pódense ver numerosos baixos coa reixa pechada onde predominan os anuncios de oferta de venda ou alugueiro dos mesmos. Nos edificios da Vila resulta habitual que existan vivendas baleiras. O ficheiro de microdatos do censo de poboación e vivendas elaborado polo INE con data 08/06/2021 indica que en Ordes existen 1349 vivendas baleiras. Temos un goberno municipal que está a esmorecer a praza de abastos, que na actualidade conta cun único posto activo sen aplicar ningún tipo de medida ou acción política para intentar revitalizala, como si o están a conseguir noutros concellos. Os invita a vexan o caso do mercado de abastos de Tomiño. Como un goberno municipal do BNG foi que de revitalizala, no que están a traballar hoxe dezasete postos, nun concello cunha poboación semellante á de Ordes. Pola contra o goberno municipal de Ordes tira a toalla tal e como manifestou o Alcalde nunhas recentes declaracións a un xornal onde manifesta que a praza foi quedando en desuso a medida que se foron asentando na Vila diferentes supermercados. Debe ser que noutros concellos non se afincan supermercados e en Ordes somos pioneiros. Segue a dicir que o edificio ten unha actividade residual e están a tratar de darlle novos usos. Os orzamentos que traen aquí van en sintonía coas declaracións do alcalde. O goberno municipal tira a toalla coa praza de abastos posto que non recolle ningunha medida para intentar revitalizala. Como tampouco se recolle ningunha medida para intentar revitalizar a feira de Ordes, nin a feira da Adina, ás que este goberno municipal tamén deixa abandonadas á súa sorte, e que so se celebran por inercia sen que ao longo destes anos fose aplicado ningún tipo de política para a súa promoción, mellora ou atracción de novos postos. Cada vez acoden menos feirantes a elas, supoñemos que tamén será polo asentamento de supermercados na Vila como facía referencia nas declaracións ao respecto da Praza de abastos. As políticas de emprego do PP de Ordes unicamente se reducen a obradoiros de emprego. Neste orzamento municipal que nos traen hoxe aquí seguen coa mesma receita. Uns obradoiros que ano tras ano se van orientando a xardinería, como manifestaron recentemente noutro pleno desta corporación municipal semella que o interese do goberno municipal radica máis en utilizar o obradoiro para dispor dunha brigada de rozas subvencionada, máis que utilizalo como ferramenta real para combater o desemprego. Mentres noutros concellos están a organizarse obradoiros para montaxe de mantemento de instalacións fotovoltaicas, atención sociosanitaria persoas dependentes, confección de páxinas web, para servizos de cociña e restaurante. Fora do obradoiro de emprego cero políticas do PP para a creación de emprego e deixando ben clariño ao longo destes anos que Ordes non é un concello que mereza cun viveiro de empresa como si existe noutros concellos da nosa comarca como por exemplo o caso de Cerceda. Por outra banda, e para que logo non digan que o BNG está sempre en contra de todo hai unha necesidade que si compartimos con vostedes, que si ten cabida nos orzamentos municipais. A necesidade de contar cunha segunda escola infantil, o que de ningunha maneira compartimos é o xeito que aplican para conseguila. Na vez de empregar un espazo baleiro e sen uso como é o Centro Comarcal que tiña un bo emprazamento xunto a outros centros educativos como o IES Maruxa Mallo e cunha pequena reforma podía albergar esta escola infantil, vostedes apostaron por demoler o antigo parque



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Hermínio Rial e antiga Escola unitaria na que se investiron previamente fondos públicos para amañala, nun acto que demostra a improvisación deste goberno. Primeiro gástanse cartos en arranxar espazos e edificacións para logo meterlle a pala e tirar con todo.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que no informe de alcaldía se sinala que os orzamentos foron elaborados baseados nos principios de prudencia e racionalidade. Dende o PSOE non creen que a prudencia sexa aumentar o prezo público da piscina climatizada a cambio de menos actividades e uns servizos de limpeza claramente insuficientes. Prezo que reclamaron no seu día rebaixar. Racionalidade non é que o alcalde cobre máis de 56.000 euros e destine 24.000 euros as axudas á natalidade sen ningún tipo de criterio para o seu reparto equitativo. Estamos aprobando os orzamentos de 2024 no mes de maio, nun contexto de maioría absoluta do PP e por tanto incumprido o prazo que tería que ser anterior ao 15 de outubro de 2023, unha mostra da súa total incompetencia e desidia. Manifestar a falta total de transparencia das subvencións nominativas coa consecuenta incumprimento da normativa tal e como expón o informe de intervención. O incremento do gasto de persoal, nada que engadir, supón que se van a mellorar as condicións de traballo das persoas que traballan no noso concello estabilizando o cadro de persoal. Botan en falta actuacións urxentes como a solicitada en anteriores ocasións nas pistas de Fosado, Santa Cruz de Montaos e Mercurín, por poñer algún exemplo. Son uns orzamentos que reflicten un goberno municipal falto de iniciativas que non logra atender as necesidades da veciñanza, nin é quen de reactivar industrialmente o concello de Ordes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que dado que non recibiron resposta á primeira intervención do goberno municipal. Nesta segunda van seguir analizando os investimentos do orzamento municipal. Observan unha partida de 150.000 euros para a mellora enerxética do polideportivo Castelao II. O principal problema deste pavillón polideportivo non radican na eficiencia enerxética. O problema está nas condensacións da pista que adoitan producirse en determinadas épocas do ano chegando a provocar que se suspendan os adestramentos, as escolas deportivas e mesmo as competicións oficiais como ben de acontecer coas finais das ligas galegas de fútbol sala base, as cales que ían celebrarse en Ordes e tiveron que trasladarse a un pavillón en Lalín polo mal estado que presentaba a pista do pavillón polideportivo Castelao II. Dende o BNG levan advertindo ano goberno municipal do PP dende o ano 2016 sobre estes problemas. Instando a que tomasen precaucións sobre as actuacións levadas a cabo nos distintos pavillóns polideportivos municipais para evitar que este problema se reproducesse, máis o alcalde optou por non escoitarnos e gastar fondos públicos en intervencións que non funcionan ou mesmo son contraproducentes tal e como se ben demostrando ao longo destes anos. Mentres o alcalde segue xogando aos comecartos aplicando parches caros nestes pavillóns que non resoven o problema a veciñanza de Ordes atópanse con instalacións que non se poden utilizar nas épocas do ano que máis falta fan. Cunhas condicións máis propicias para a práctica do waterpolo que calquera outro deporte. Nos orzamentos consta unha partida de 294.000 euros para sumidoiros que proceden da prórroga da concesión do servizo municipal de auga e saneamento que no informe económico-financieiro se di se adicarán á mellora das infraestruturas. O malo é que dende o BNG preguntaron na Comisión informativa previa ao pleno sobre cal ía ser o destino destes fondos polo miúdo, a resposta foi cita textualmente "... para o que poida ir saíndo". Levamos un ano de atraso na dotación de servizos públicos de abastecemento e saneamento no noso concello, especialmente polo rural. A pesares destes 294.000 euros pola renovación do canon e dos 430.000 que imos percibir cada ano procedentes do remate da bonificación do 95% do IBI da AP-9, non semella que se produzan grandes avances, existindo varias parroquias sen ningún tipo de dotación pública de abastecemento e saneamento a día de hoxe e outras nas que a dotación serve a un reducido grupo de casas, a pesares de contar agora con máis de 430.000 euros/ano máis, tampouco se



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ten pensado tramitar unha baixada do tipo impositivo do IBI para rebaixar o recibo á veciñanza logo do catastrazo aplicado nos últimos anos, o que levou a unha suba dos recibos da contribución. Tampouco se quere establecer unha bonificación ás vivendas que non contén con accesos a servizos públicos de abastecemento e saneamento como si se están a aplicar noutros concellos e que o PP de Ordes de nega a aplicar aquí, a pesar de terllo proposta en diversas ocasións dende o BNG. Seguen existindo edificios e espazos baleiros nos que o goberno municipal non sabe que facer. Consideran lóxico que a antiga Casa Consistorial segue practicamente sen uso a día de hoxe. Como poden permitirse o luxo de ter unha parcela de dotación deportiva como é a do antigo karting, mentres o ximnasio da piscina climatizada municipal está colapsado e a veciñanza ten que desprazarse a outros de concellos veciños para pode practicar deporte. Non existe no orzamento ningunha partida para o acondicionamento da antiga estación de tren da Pontraga de cara a dotala dun uso que aproveite a potencialidade e oportunidades que ofrece a Vía Verde. No ano 2020 aprobouse a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte, distribución de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos. A día de hoxe segue sen aplicarse e nos orzamentos municipais non se prevé recadación algunha pola súa aplicación. Mentres en Ordes nos atopamos nesta situación é a veciñanza hai que subirlle as tarifas da piscina climatizada por que aquilo no da. O goberno municipal decide subirse novamente o salario no ano 2024, como se a suba de 2023 fose insuficiente para satisfacer as súas necesidades. O salario do alcalde que no ano 2023 estaba fixado en 56.700 euros/ano sube 1.134 euros, para quedar fixado en 56.834 euros/ano. O salario da concelleira delegada de política social, concelleiro delegado de cultura e concelleiro delegado de obras, os tres cunha dedicación de vinte horas semanais soben cada un deles 440 euros/ano, quedando fixados en 21.134,40 euros/ano. O resto dos integrantes do goberno municipal seguen a ter un salario simulado a través das asistencias que perciben pola concorrencias ás sesións do órganos colexiados, que no peor dos casos veñen percibindo uns 1.363 euros/mes, sen ter fixada ningún tipo de dedicación horaria semanal. Como comprenderán non compartimos a súa xestión ao fronte do goberno municipal, nin as subas de salario que formulan, nin tampouco pensan que estes orzamentos que traen hoxe aquí sexan os que Ordes precisan para saír desta situación de parálise e estancamento na que se atopa sumido resultado destes anos de goberno do PP polo que van a votar en contra dos mesmos.

Solicita intervir o Sr. Interventor, que sinala que a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte, distribución de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos foi anulada en vía contencioso-administrativa, polo que é inaplicable.

Pecha o debate o Sr. Alcalde, que sinala que é evidente que antes de facer moitas aseveracións hai que saber o que se vota nos plenos en moitas ocasión. É certo que chegan tarde estes orzamentos como a inmensa maioría dos concellos de toda España. Parécelle lamentable que o PSOE veña aquí a dicir que os orzamentos de Ordes chegan tarde e renuncien a facer orzamentos para corenta e sete millóns de persoas de todo o territorio nacional. Lamentable que teñan esa dobre moral xente do PSOE. Se sodes a día de hoxe o partido que goberna a día de hoxe a nivel nacional con pactos, hai que ter os votos suficientes ou ser quen de conseguilos para ter orzamentos todos os anos, son fundamentais para que un país avance. Leccións nese senso ningunha. A liña de parques empresariais que critica, convidaa a que lea a liña de axudas. Está moi ben vir aquí a propor unha cousa que non ten cabida na liña de axudas. A próxima vez diga algo que teña encaixe, non diga algo que se lle ocorra. A subvención non é para darlle servizo ás empresas, é para infraestruturas vinculadas ao parque empresarial. Creación de emprego, podemos falar de moitos datos, se lle gustan os obradoiros de emprego, ao final temos moita necesidade, moitas áreas verdes, moitos espazos que hai que atender. O obradoiro é dual, sempre que se convoca se cobren as prazas e o persoal acaba tendo oportunidades laborais. Compromiso social, o derradeiro orzamento a aportación municipal, o orzamento dá Mancomunidade que este ano vai a chegar a preto de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

tres millóns de euros, é de catrocentos setenta e dous mil euros, no ano 2015 esta aportación foi de oitenta mil euros. Faga a conta. Foise incrementando de forma paulatina. Non pode dicir que non hai compromiso social. Xa lle dixo fai un ano que non ía quedar sen atender ningún euro de axudas sociais por parte desta corporación. A invita a que no futuro presente unha emenda aos orzamentos, está no seu dereito, e díganos en función da previsión de ingresos que fai o interventor municipal que é o que sacaría e o que aumentaría. O primeiro sería os soldos e que aquí veñamos a traballar de balde. Despois temos o exemplo dos soldos dos alcaldes do PSOE e o BNG. So teñen dereito a que se lle actualice o salario os empregados públicos, os demais non teñen dereito. Claro que manexaron cento cinco millóns de euros. Pero non é esa a cantidade é moito máis. So sumou os orzamentos pero deixou as incorporacións que se foron facendo ao longo de todos e cada un destes exercicios. Estando preto de cento sesenta millóns de euros nestes nove anos. Faga ben as contas segundo as liquidacións dos orzamentos. En canto aos baixos baleiros podemos dar unha volta por Santiago ou Carballo onde tamén os hai. A situación mudou moitísimo nos concellos. O comercio autónomo, de proximidade está tendo moitas complicacións. Vostedes teñen un invento máxico pero onde vostedes están gobernando non funciona. É simplemente palabrería e discursito nas redes sociais. Hai que traballar no día a día, ver as necesidades, escoitar a todo o mundo e atender ás trece parroquias. Datos de emprego, so fala do censo de vivendas baleiras, outros anos fala do censo de poboación. A poboación no ano 2015 estaba en 12.600, a día de hoxe é de 12.907 habitantes. En certa medida este concello tamén ten o seu atractivo para virse a vivir aquí. Este era un concello que no ano 2015 tiña 1032 demandantes de emprego e no ano 2024 ten 515, unha baixada do 50,10 %. Datos oficiais. As instalacións que había no 2015, as que hai hoxe, a melloría foi considerable. Gustaríanlle máis ou menos, haberá eivas a subsanar. Que diga que non é unha cuestión de mellora de eficiencia enerxética parécelle cando hai un problema de condensación, que non está a dicir a verdade. Ten a súa opinión, fai a súa valoración. Estase optando a unha axuda. Verase o que se pode ir facendo. Os prezos da piscina climatizada, había que salvar un burato de máis de 160.000 euros, so se salvo coa regularización das tarifas unha terceira parte, a outra parte ten que saír dos fondos dos que estamos a falar fai un momentinho que chegaron doutras administracións ou incremento do BICES. Na estación da Pontraga estase a traballar do obradoiro de emprego e con liñas de axudas, estase negociando para a adquisición dos terreos. Non se fai todo dun día para outro. No edificio da Casa do Concello realizáronse varias actuacións, púxose a disposición do grupo de goberno, ten unha sala de xuntas, as oficinas da policía local. A pranta primeira, salvo o mobiliario, el encóntrase cómodo no edificio anexo. Xa o faláron, pediuse un estudo pormenorizado, non por que o dixeran vostedes, no ano 2016 sobre a posibilidade de establecer unha escola infantil no Centro Comarcal a propia Unidade Técnica dixo que no era viable, supoñía demoler practicamente todo o edificio. Dálle igual, ten ese discurso metido na súa cabeza e vai a seguir con esa matraca toda a santa vida. Está no seu dereito de facelo, non é a realidade. A reforma do edificio costou case 700.000 euros para a súa conversión en oficinas. Votaron en contra da modificación, interese na escola infantil ningún. O fácil é dicir que queren unha segunda escola infantil, pero votan en contra do único espazo de equipamento no que se pode construír en todo o termo municipal. Votaron a favor da terceira aprobación provisional do PXOM, non é consciente de que a parcela do karting xa non é de uso deportivo unha vez que se aprobou definitivamente e entrou en vigor. A praza de abastos, as súas declaracións son reais, pese a varias tentativas non se conseguiu xente para aí. Estudarase a aplicación dun aluguer cun canon cero. A Feira de Ordes ten todos os espazos ocupados. A Feira da Adina traballouse durante varios anos para a súa recuperación, foi descartada a súa participación polos vendedores ambulantes ao coincidirlle a súa asistencia con outros lugares, segue a intentarse a súa posta en marcha. Atendendo ao que é o documento, o proxecto que se presentou conforme indican as memorias de alcaldía e a memoria de intervención, así como o resto dos documentos que o conforman, partimos un ano mais da premissa, prioridade absoluta, de continuar a mellorar as partidas do gasto social que se xestionan dende a mancomunidade, e a vez estamos ante un documento contable, un ano máis, cun marcado carácter inversor para o presente exercicio 2024, dando continuidade a senda iniciada en 2023. sempre en aras de mellorar a calidade de vida e os servizos dos veciños e veciñas da vila e das parroquias. Procurando en todo momento atender as súas



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

demandas baixo unha programación de iniciar actuacións prioritarias, pois como sempre fixemos e continuaremos a facer, non imos a gastar aquilo que non poidamos pagar. Recóllense a súa vez os créditos para atender os contratos de servizos vixentes, así como licitacións en tramitación para os vencidos, obrigas con outras administracións, como o caso referido da mancomunidade) e, crédito para todas e cada unha das subvencións nominativas comprometidas. Aos quince convenios do ano anterior, tamén habería que engadir o apoio económico para desenvolver diferentes escolas deportivas municipais, así como as axudas a deportistas individuais, en total máis de 106.000 euros a disposición do deporte ordense. Como xa quedou exposto, a aposta é firme pola inversión real, os investimentos previstos e contemplados para executar durante o exercicio 2024, nalgún caso en proxectos de máis dunha anualidade con compromiso dunha parte do gasto para 2025, convenios, axudas ou contías de aportacións pendentes, acadan neste momento, pendente de incorporacións, o importe de 3.659.132,66 €, o 24,12% do total, para atender actuacións como as que paso a enumerar: Mellora acceso peonil no polígono de Merelle. Subministración de marquesiñas. Repetidor de comunicacións para a policía local. Accesos dende a Rúa ao Carballo e ao Fondo da Aldea, en Pereira. Plan de camiños (2ª anualidade) Pista de Castenda cara o límite con Tordoia (Parada). Plan de camiños (1ª anualidade) Pista do Curro a N-550 en Pereira. Acondicionamento da área de estacionamento no entorno da igrexa de Montaos. Pavimentación de vías públicas. Humanización da rúa do Mirón. DP-5905 mellora da seguridade viaria na estrada. Acceso a Poulo dende a DP-3802 a Ponte Carreira. 1,3 qms. Melloras en abastecemento e saneamento. Execución obras abastecemento co fin de minimizar perdas de augas. Actuacións en materia de bioresiduos. Melloras no alumeadado público e nas instalacións municipais, co conseguinte aforro. Plan Pima. Naturalización de espazos urbanos. Parque infantil no CEIP Campomaioir. 2ª anualidade da nova escola infantil, na rúa Galicia. Equipamento na BPM. Material deportivo e investimentos en instalacións deportivas. Mellora enerxética na piscina climatizada Iván Raña. Mellora enerxética no pavillón Castelao II. Aarranxo fontanería sala caldeiras piscina climatizada Iván Raña. Reforma do local social de Barbeiros. Reforzo e extensión da rede de distribución eléctrica do p.e. de Merelle (eliminación tendido parcela 79). Adquisición de terreos. Reforma do lavadoiro da Gorita. Inclúense polo tanto variadas actuacións exclusivas con fondos propios e todas aquelas derivadas de fondos obtidos de outras axudas ou subvencións que compre cofinanciar. Inclúense tamén os créditos coa actualización de prezos necesaria, para poder atender o mantemento e limpeza das vías públicas municipais. A débeda bancaria a 31/12/2023 situarase en 297.552,68 euros. Non podemos obviar que son numerosas as necesidades do concello e as que nos piden ou plantexan os nosos veciños a cotío, polo que a vista dos recursos dispoñibles vémonos cada anualidade obrigados a ir priorizando as accións con base na folla de ruta que decide o goberno local, procurando sempre atender os investimentos necesarios e prioritarios que vaian xurdindo e as sucesivas necesidades que se nos van trasladando. Tal e como indiquei sempre, nas intervencións do debate da aprobación inicial dos orzamentos municipais de calquera exercicio pasado, seguimos e continuaremos a seguir a nosa liña de traballo, dar cumprimento ao noso programa electoral. Continuaremos a xestionar con rigor e traballando, e o mais importante, traballaremos para cumprir o que dicimos.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de nove votos a favor (9 grupo político PP), seis votos en contra (grupo político BNG), e coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio de 2024, que ascende en GASTOS como en INGRESOS á cantidade de **EUROS TRECE MILLÓNS TRESCENTOS OITENTA E DOUS MIL NOVECENTOS SESTA E CATRO CON TRINTA E TRES (3.382.964,33 €)**, asignando a cada un dos capítulos os seguintes importes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ORZAMENTO DE INGRESOS. RESUME POR CAPÍTULO

Capítulo	Ex. 2024
1	3.960.785,55
2	165.000,00
3	1.793.981,46
4	4.863.108,33
5	437.340,82
Total correntes	11.220.216,16
6	0,00
7	2.162.748,17
Total capital	2.162.748,17
Total non financeiros	13.382.964,33
8	0,00
9	0,00
Total financeiros	0,00
Total orzamentos	13.382.964,33

ORZAMENTO DE GASTOS. RESUME POR CAPÍTULO

Capítulo	Ex. 2024
1	4.120.094,24
2	4.416.698,12
3	15.195,18
4	1.105.898,28
5	0,00
Total correntes	9.657.885,82
6	3.659.132,66
7	0,00
Total capital	3.659.132,66
Total non financeiros	13.317.018,48
8	0,00
9	65.945,85
Total financeiros	65.945,85
Total orzamentos	13.382.964,33

(*) No acordo de aprobación inicial enténdense incluídos todas as modificacións e axustes efectuados nos orzamentos prorrogados, salvo a incorporación de remanentes e os suplementos de crédito aprobados.

2º.- Aprobar, igualmente, as Bases de Execución de dito Presuposto.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

3º.- Aprobar, así mesmo, de acordo co disposto no art. 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, o cadro de persoal, comprensiva de tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

4º.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

5º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os arts. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederase de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

6º.- Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, remítase copia do referido Presuposto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

4. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 25 de abril de 2024, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

5. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Non se presenta ningunha moción

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- As inmediacións da igrexa de Barbeiros e da pista deportiva atópanse en estado de abandono.

O mobiliario atópase moi deteriorado podendo observarse óxido tanto nos bancos coma nas farolas. O cemento que rodea as árbores colapsou e poden observarse cristais no chan. Ademais, o tronco dunha árbore cortada permanece sen ser retirado ou repostado.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Acondicionar o lugar para que a veciñanza de Barbeiros poida gozar dunha zona verde de encontro en igualdade de condicións que outras parroquias.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no proxecto de obras do POS+ 2024, senda dos Baltares ao Cruceiro (Barbeiros) e outros, ten a mellora desta praza. Está pendente a incorporación dos fondos adicionais que posibilite a súa licitación.

- A sinalización de velocidade, situada en Folgoso (43.0437574, -8.3672281) atópase cuberta pola vexetación.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se realicen tarefas de desbroce para que a sinalización de tráfico sexa visible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non é concello de Ordes, é concello de Oroso. Foille trasladado en abril, agora de novo.

- Varias persoas usuarias do supermercado Día, situado na Alfonso Senra, indican que existen moitas dificultades para incorporarse á Nacional 550 porque o contedor de vidro ocupa a totalidade do campo de visión.

Isto pode provocar risco de colisión entre vehículos.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se valore unha alternativa na colocación dos contedores ou, se non é posible, se solicite a instalación dun espello para gañar visibilidade na incorporación á N-550.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que estes contedores foron analizados e reubicados cando se fixo a obras da Humanización da rúa Alfonso Senra 2019-220, ve o problema de sempre, faise o xiro á esquerda que está totalmente prohibido na N-550, se fan un xiro á dereita incorporándose so na saída no que está permitido non habería ningún tipo de dificultade de visibilidade.

Intervén a Sra. Rivadas López, que sinala que existen dificultades de visión incluso facendo o xiro correcto.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que se lle dará outra volta de novo.

- Na senda da Pinguela (Poulo) existen postes de Unión Fenosa que entorpecen o paso dos viandantes. Fai xa 10 anos que o Concello de Ordes solicitou á compañía responsable a retirada dos mesmos mais non se realizou ningún cambio.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se reitere a petición para a retirada dos postes eléctricos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que descoñece esa solicitude de fai dez anos. Todo o que din non é a realidade. Nesta senda había sete postes que incumprisen a normativa de accesibilidade e que foron corrixidos nos anos 2019-2020, quedan dous que cumpren a normativa, que non é posible desprazar por que hai servizos debaixo. Hai os noventa centímetros libres de accesibilidade por un lado e polo outro. Salvo que se invadan propiedades privadas.

- A biblioteca municipal de Ordes non dispón de exemplares de Lectura Fácil para persoas con dificultades neste eido.

Cómpre salientar que o proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia recoñece a importancia de dispoñer destes recursos na rede de bibliotecas públicas como un dos garantes de accesibilidade cultural.

Fóra lexislación, estes exemplares poden beneficiar a moitos sectores da poboación que presentan un compromiso importante na lectoescritura por diversas razóns (persoas migrantes, persoas con discapacidade, persoas maiores, rapaces/rapazas con trastornos da aprendizaxe, ...etc.).

É polo que rogamos:

Que se estableza unha área de lectura fácil na biblioteca municipal con exemplares axeitados para diversas idades.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que semella que non van moito á biblioteca municipal, nin saben que fondos hai. No ano 2020 estreouse a biblioteca inclusiva coa implicación dos colectivos profesionais expertos na materia. Ampliáronse os fondos, apoio a familias e colectivos con necesidades educativas especiais. Incorporáronse dous apartados, un educación en diversidade que inclúen obras de lectura fácil, outra de letras grandes, pictogramas. Hai obras de lectura fácil. Dende que se estableceu a biblioteca inclusiva, todas as persoas que piden exemplar de calquera libro, a todas se lle adquire ese libro. Se adquiriron libro incluso no estranxeiro. Toas as necesidades específicas se atenden. Hai clubs de lecturas para distintos colectivos. Foron pioneiros na lei que está sen aprobar, é un anteprojecto.

Intervén a Sra. Ribadas López, que sinala que o que manifestaba neste rogo é que se adquirisen exemplares de lectura fácil. O que vostede manifesta é que se trata de lecturas adaptadas. Persoalmente fixo esa consulta a nivel online e coa técnico da biblioteca e non existen a día de hoxe exemplares desas características ademais que conte co certificado que acredita que un exemplar é de lectura fácil. Se non quere atender esta iniciativa o día, sería



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

unha mostra máis da falta de compromiso que ten este goberno local co accesibilidade universal.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que o que lle dixo a técnico da biblioteca era que vostede descoñecía a Biblioteca municipal. O ten por escrito. Compromiso total e absoluto.

- Os marxes da vía AC-409, que une Mercurín con Cerceda, atópanse ategados de lixo. Ademais, no cruce coa N-550 permanecen restos dos accidentes que se producen na zona.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se retiren os restos de vehículos accidentados.

Se realice unha recollida de lixo nos marxes da AC-409 para evitar que o lixo siga contaminando os nosos ecosistemas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se pediu informe á policía local e se lle deu traslado a AXI e Deputación Provincial, hai máis puntos, no ese so.

- En ocasións anteriores, o PSdeG de Ordes solicitara o arranxo da marquesiña situada na N-550, a carón do paseo Iván Raña xa que estaba esnaquizada.

A pesares de que o lateral foi repostado, estes días podemos comprobar que volve estar estragada.

Descoñecemos se se trata dun acto vandálico reiterado ou se produce pola colisión dos vehículos contra o lateral da marquesiña.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se repoña de novo o lateral e se instalen bolardos para evitar a colisión.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está encargado, son coñecedores.

- Na marxe dereita da N-550 en dirección Santiago de Compostela, ao seu paso por Merelle (número 3) existe unha fuga de auga na beirarrúa.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se investigue a súa procedencia/causa para solucionar o problema.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa esta reparada. Noutras ocasión é mellor comprobar a súa reparación.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- No presente rogo achegamos diversas eivas por falta de mantemento, que afectan á salubridade e á seguridade da veciñanza.

Un dos colectores de lixo da rúa da Feira está roto, presentando un furado de considerables dimensións.

O farol que se atopa na rúa Alfonso Senra, á altura do número 82, carece da tapa de rexistro, quedando os cables á vista, o que produce risco de electrocucións (especialmente a nenos e nenas).

O muro que protexe a caída cara o rego da Fraga no Campo da Feira, carece dunha das súas tapas de cantería. Isto provoca que os esquinais metálicos podan producir cortes á veciñanza que sen darse de conta se apoie na zona.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A efectuar as oportunas tarefas de mantemento para solucionar estas carencias.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o primeiro punto xa foi trasladado á empresa para a súa comprobación, había máis puntos na zona do Campo da Feira. Tamén o segundo. O último é dun accidente, xa está o trámite iniciado co seguro para a súa reparación.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na pasada festa do champiñón, puidemos comprobar que desta volta, o Concello de Ordes decidiu colocar baños químicos nos arredores de onde tiveron lugar as actuacións musicais.

Celebramos esta decisión, que non foi tomada nas pasadas festas patronais de Ordes, o que provocou desagradables cheiros pola vila.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Ao igual que nas festas do champiñón, que se instalen estes baños químicos nas festas patronais de agosto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- As clases de preparación ao parto impartidas polas matronas que atenden no centro médico tiveron que suspenderse unha semana debido as citas de atención médica que tiñan.

Debido a crecente carga de traballo que teñen non garanten que esta situación non se volva a repetir.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A que demande á Consellería de Sanidade máis persoal para atender as demandas deste servizo para evitar que esta situación poida darse outra vez.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de sanidade, que sinala que foi un día no que unha das matronas estaba de permiso por asuntos particulares e a outra tiña unha cita médica que non se puido modificar para pola tardes. Elas manifestaron que teñen adiantados os traballos coas mulleres con data de parto mes do setembro.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- A antiga casa da Cruz Vermella que foi rehabilitada para ser utilizada como vivenda de aluguer social semella atoparse en desuso a pesares da existencia de familias que poderían beneficiarse deste recurso.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Cantas persoas se beneficiaron deste aluguer social dende que foi rehabilitada no ano 2019?.

¿Que custe supón para as arcas municipais o mantemento deste recurso?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social, que sinala que esta pregunta xa foi contestada no pleno. No momento que as traballadoras sociais, que son as persoas que ven a idoneidade das familias en relación coas casas que temos para familias vulnerables e necesitadas, non haberá problema para que esa casa sexa habitada, ata o de agora elixíronse outras opcións, non houbo familias idóneas para esa cas. O custe é cero.

- Fai cinco meses, no pleno ordinario de xaneiro, o PSdeG de Ordes presentou un rogo no que solicitaba amañar diversas incidencias nun cruce da parroquia de Lesta.

A sinalización de do lugar foi amañada, mais aínda queda por repoñer a sinalización de tráfico e amañar o poste que aparece na imaxe.

É polo que preguntamos:

¿Fíxose a solicitude de reposición a Unión Fenosa?.

¿De ser así, cal foi a resposta?.

¿Por qué non se repuxo a sinalización de tráfico?.

Intervén o Sr. Alcalde, que a solicitude se fixo o 5/02/2024. Non contestaron, onte volveuse a insistirse. En relación á última parte fíxose o que alí era necesario que facer, seguía quedando un poste cunha sinal que a día de hoxe non é necesaria, fíxose unha ampliación co Plan de camiños 2018-2019, que marcaba un paso estreito dun tubo, a día de hoxe non hai ese problema no lugar, non hai que repoñer ningún tipo de sinalización.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- En relación a esta marquesiña, situada en Barbeiros (O Loureiro), formulamos a seguinte pregunta:

¿É dita marquesiña de titularidade municipal?.

¿De ser así, por que se atopa nese estado?.

¿Ten o goberno municipal previsto retirala ou repoñela?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que a marquesiña está en desuso, non está previsto que o teña proximamente. Xa faláron coa asociación de veciños de Barbeiros para ver de que maneira se vai a xestionar este tema.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- As rúas Ramón Carro e Rosalía de Castro, levan padecendo ao longo do ano, reiteradas faltas no servizo de iluminación pública, quedando totalmente ás escuras.

No último mes volvéronse a repetir estas situacións.

Por iso preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿A que se deben estas interrupcións no servizo?.

¿Que ten pensado facer o goberno municipal para evitar que se repitan, como ven acontecendo ao longo do ano?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que so ten constancia dos días 13, 14 e 15/05, o día 16/05 estaba resolto. O anterior aviso desta rúa é do 18/08/2022.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que este anos pasou máis veces.

Intervén o Sr. Alcalde, que pide que se lle pasen as datas para dar traslado á empresa. Saltou o térmico, pode acontecer por calquera cuestión.

- Desde o BNG xa temos trasladado en varias ocasións os problemas que acontecen nas instalacións do colexio Castelao co abastecemento de auga, a última vez no pleno ordinario do mes de maio do ano 2022.

No presente curso, polo menos a 7 rapaces/rapazas, hai que subministrarlle auga embotellada no comedor, logo de presentar certificados médicos que acreditan que non poden consumir auga da billa.

Incluso existiron días nos que se tivo que recorrer ao emprego de auga embotellada para cociñar.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Que ten pensado facer o goberno municipal para solucionar esta problemática?.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que o CEIP ten auga embotellada. Os casos foron puntuais, un no mes de febreiro e outro en marzo. A auga está analizada como potable. Estes casos foron por avarías nas zonas cercanas que provocaron unha turbidez. Non houbo máis.

- Existen problemas de circulación na zona do IES Maruxa Mallo, principalmente coa saída dos autobuses dado que teñen dificultades para incorporarse á estrada N-550, debendo agardar en ocasións varios minutos para poder facelo, producindo atascos na zona.

Por iso preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿Ten pensado facer algo ao respecto o goberno municipal de cara a intentar aliviar a situación no vindeiro curso?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que o informe da policía local no que se indica que son diversos os autocares de transporte escolar, tamén sucede con algúns vehículos particulares, teñen que ingresar na N-550, vía preferente, dende unha vía secundaria, rúa Camilo Xosé Cela, debendo gardar a preferencia de paso normativamente establecida aproveitando os claros que se produzan na circulación da N-550 para incorporarse. Ou ben dirixirse de modo coordinado a outras saídas alternativas situadas a escasos metros do lugar As Casillas, estación de servizo Ordes. Resultando desaconsellable a regulación neste punto a fin de evitar inxerencias indebidas na circulación ordinaria. Preguntado tamén o centro de ensino, transmiten que ninguén se queixou á empresa de transportes ou a eles. Son doce os autobuses que chegan ao centro saen bastante rápido. Se presentan unha moción para o traslado directo dos rapaces ás casas, que eles a apoian. O IES Maruxa Maio di que é perfectamente capaz de presentar calquera queixa que afecte ao centro ou alumnos.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e corenta e cinco minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias